

Registro de saída			
Número	Día	Mes	Ano
02	12	xaneiro	2024

Asunto *Comunicación sobre a renovación de cotas para o socios e socias do Club Náutico Firrete.*

Estimados socios e socias:

Lembrámosvos que a partir do próximo 1 de febreiro (primeiro pago bimestral e anual 2024) aplicarase a subida de cotas de socios e socias, tal e como foron aprobadas e acordadas na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 1 de agosto de 2023.

Achegamos un cadro informativo co importe actualizado por tipos de socios.

Aténtamete,



Ramiro Piñeiro Oliveira
(Presidente do Club Náutico Firrete)

TIPOS DE SOCI@S

Serán **socios honorarios** aquelas persoas ás que a asemblea xeral confira esta distinción e terán un posto de referencia nos actos oficiais da sociedade.

Son **socios familiares** todas aquelas persoas que dependan economicamente dun socio de número e convivan con el no mesmo domicilio.

Os menores de 18 anos clasificaranse como **socios aspirantes**, tendo dereito ó uso das instalacións sociais mediante a cota que se fixe e pasarán automaticamente a ser socios de número ó cumpriren a maioría de idade.

Socios de Número

Son socios de número todas as persoas maiores de idade que satisfagan a cota social establecida pola Asemblea Xeral. Distínguense:

- **Equipo de Competición**

Mellora a túa saúde formado parte do noso equipo de competición onde serás atendido por técnicos altamente cualificados capaces de adaptar os adestramentos ás túas necesidades. Sempre que sexan convocados polos técnicos do club poderán participar nas diferentes regatas de carácter internacional, nacional, autonómico e provincial.

- **Equipo de Lecer**

Ofertaranse distintas actividades co fin de que os nosos socios utilicen a piragua como medio de entretemento na súa particular maneira de manterse en boas condicións físico-emocionais. O control do padexo, -si o precisan-, así como a organización de actividades específicas para ese tipo de asociados, como saídas a distintos contornos naturais para gozar dun paseo en piragua ou realizar outras actividades na natureza, conformarán o groso do programa.

- **Socios protectores**

Colaboran a través da súa cota co sostemento económico do club. O seu interese co club non se centra na práctica deportiva persoal, aínda que o club ofertará actividades de maneira puntual e gratuíta para estes socios.

- **Participantes nas actividades Firrete-Aventura e Firrete-Fitnees**

Aquelas persoas que se inscriben nas actividades que se ofertan a través do **programa Firrete-Aventura** ou do **programa Firrete-Fitness** perden a súa vinculación co club unha vez que remata a actividade á que se apuntaron.

- **Empresas colaboradoras**

Teñen consideración de socios de protectores á hora de realizar actividades deportivas no club; o seu interese radica na axuda económica para poder desenvolver os nosos programas deportivos.

COTAS SOCI@S 2024

Soci@s de número: Equipo de Competición

Pagamento anual	360 €
Pagamento bimestral	60 €

* O aboamento da cota por parte dun socio do Equipo de Competición estende todos os dereitos do mesmo a aquelas persoas que dependan economicamente do titular que efectúa o pago da cota e convivan con el no mesmo domicilio.

*O custo da licenza federativa correrá por conta do asociado.

Soci@s de Número: Equipo de Lecer

Pagamento anual	360 €
Pagamento bimestral	60 €

*O custo da licenza federativa correrá por conta do asociado.

Soci@s de número: Protectores

Pagamento anual	25 €
------------------------	-------------

Participantes no Programa Firrete-Aventura e Programa Firrete-Fitnees

*Cotas segundo actividade elixida.

Empresas colaboradoras

*Cota Anual

Baixo epígrafe Firrete Ouro (cartel da baixada en formato A5 co nome da empresa para colocar no seu establecemento, nome da empresa na pancarta exposta na praza Real e folleto conmemorativo).	60 €
Baixo epígrafe Firrete Prata (cartel da baixada en formato A5 co nome da empresa para colocar no seu establecemento, nome da empresa na pancarta exposta na praza Real e folleto conmemorativo).	40 €
Baixo epígrafe Firrete Bronce (cartel da baixada en formato A5 co nome da empresa para colocar no seu establecemento, nome da empresa na pancarta exposta na praza Real e folleto conmemorativo).	30 €
Firrete OURO-PRO 1 (cartel da baixada en formato A5 co nome da empresa para colocar no seu establecemento, anagrama da empresa na pancarta exposta na praza Real e folleto conmemorativo).	100 €
Firrete OURO-PRO 2 (cartel da baixada en formato A5 co nome da empresa para colocar no seu establecemento, anagrama da empresa na pancarta exposta na praza Real, no folleto conmemorativo e ROTULACIÓN do anagrama na FURGONETA do CLUB).	500 €
Para todos: .- Publicidade na PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS do club. .- Mención por MEGAFONÍA NOS ACTOS da Baixada do Eume en Piragua (en meta e entrega de trofeos).	